




Antoloxía do conto galego século XX

1



Nos datos biográficos dos autores que imos subliñar aquí, recolleemos aqueles que consideramos importantes para comprender a vida, obra e personalidade do autor e que, as máis das veces, non aparecen nas reseñas ás que podemos acceder facilmente ben por vía dixital ben polos manuais tradicionais.

CURSO 2023-2024



Rafael Dieste

En Rianxo, un pobo arrolado polas augas da ría de Arousa, onde se miran maxestosamente os cimos do Barbanza, nace no ano 1899 Rafael Dieste.



2

O seu pai emigrara a América, onde casou cunha moza uruguaia. Ao voltaren a Galicia tiñan xa catro fillos. En Pontevedra nacen outros dous e cando se establecen en Rianxo nace Rafael. A diferenza de idade cos seus irmáns resultará moi beneficiosa para a súa formación. A súa irmá Olegaria aprenderalle as primeiras nocións de música e piano que logo perfeccionará na Arxentina ata chegar a ser un verdadeiro virtuoso. Mais será o seu irmán Eduardo quen lle influirá especialmente. Amigo de Castelao, Rafael será testemuña privilexiada de todas as actividades desenvolvidas no chamado « O cuarto do medio » da casa paterna : actuacións de teatro, conferencias, creación dun arquivo humorístico...

Cando Eduardo marcha de España, Rafael considérase herdeiro do lugar e mais do legado cultural. Alí, xunto cos curmáns de Castelao e Manuel Antonio, xermolaranse libros (De catro a catro), revistas e todo tipo de traballos literarios.

Estudos en Rianxo e en Santiago e dous anos ben difíciles en Marrocos.

Dende moi novo desenvolverá traballo de xornalista que non abandonará nunca.

No 1926 publica *Dos arquivos do trasno* e no 1927 *A fiestra valdeira*.

No 1932 comeza a súa participación como animador das Misións Pedagóxicas.

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



Participa na Alianza de Escritores Antifascistas e colabora, durante a guerra na revista *Hora de España* (xunto a Antonio Sánchez Barbudo e Juan Gil-Albert).

Marchan exiliados e, despois dunha estancia no campo de refuxiados Argèles-sur-Mer, consegue reunirse coa súa muller e ao final recala en Bos Aires onde participará moi activamente co importante grupo de exiliados que emprenderán, como xa sabemos, un labor cultural difícil de igualar.

3

Como era **Dieste** ? Deixaremos algunhas pinceladas que poden resultar ilustrativas.

Actitude aberta fronte ao dogmatismo, home loitador, comprometido, pero pacífico e tolerante.

“(...) A importancia do que decía mentras falaba preocupaba a todos de que non fose recollido no mesmo intre, pois é moito máis o que Dieste dixo que o que vai ficar escrito.” (Vicente Risco)

X.L. Axeitos : « (...) paseou por case todo o século xx silandeiramente, no bico dos pés, sen facerse notar, coa humildade dun sabio ».



CURSO 2023-2024




Características da súa narrativa

Rafael Dieste é autor en galego e mais en castelán cun estilo diferente en cada idioma, como é frecuente nestes casos.

No limiar do seu libro de relatos *Dos arquivos do trasno* establece seis puntos que configuran as características que para el deben posuír os contos. Mencionaremos unicamente unha idea que se axeita moi ben ao relato que nós limos.

« A presenza do remate debe estar atafegada, pero latexando con forte resonancia en tódolos currunchos do relato. »

Deste conxunto de relatos, nun principio oito, dixo Risco : « (...) *pertencentes a esa literatura sintética qu'antre nós iniciou o Castelao (...) d'esa que con poucas verbas esgarabella no corazón, e saca d'il unha chea de cousas ocultas. »*



A súa temática é variada, cunha grande dose de emotividade. Atoparemos dramatismo, tenrura, ironía, riqueza de personaxes e técnicas narrativas. Se nos fixamos no punto de vista, por exemplo, o autor adopta a solución que lle resulte máis axeitada en cada relato : nuns casos, o narrador é un personaxe testemuña ; noutros personaxe protagonista dos feitos ; noutros, aparece como narrador omnisciente.

Malia esta complexidade percibimos características comúns. Unha moi peculiar é que moitos destes relatos poden incluírse na tradición da literatura oral. Nunha xuntanza familiar, ou de amigos, un comeza a contar unha historia e, para manter a atención do interlocutor, de cando en vez, diríxese a ese grupo ben preguntando ben pedindo consello ou ben reflexionando en alto.

A importancia do interlocutor é unha constante en toda a súa obra.



Ánxel Fole

Anxel Fole nace en Lugo no ano 1903 no seo dunha familia acomodada. Foi o máis cativo de oito irmáns. A familia cambiou varias veces de vivenda pero en todas elas o contacto cos labores de labranza e a natureza deixaron unha forte pegada na sensibilidade do noso autor. Na casa chamada de Orbán asiste con pasmo ao espectáculo da primeira sega mecanizada. Escoita con atención as historias contadas polos veciños e as Habaneras cantadas pola súa tía. Na casa do Carril dos Loureiros conta o paso do tempo polo número de peras que vai comendo mentres le. O pai era home culto e será a través da súa biblioteca por onde Fole se mergulla noutra realidade: a da lectura. Dickens, Rosalía, Curros, Víctor Hugo, Dumas, Antonio Machado...

5

Realiza os seus estudos primeiro en Lugo (coincide con Cunqueiro no Instituto) e logo pasa por Valladolid e Madrid ata que a situación económica obrígao a volver a Galicia. No 1929 matricúlase en Dereito en Santiago.

En Compostela, como xa fixera en Madrid, aproveita todas as posibilidades culturais que se lle ofrecen e entra en contacto cun grupo de xente fundamental para a nosa cultura : Rafael Dieste, Carlos Maside, Arturo Souto, García Sabel, Castelao, Luís Seoane (do que chegaría ser amigo íntimo). Con eles participará nas creativas actividades da feira de Santa Susana.

Nas primeiras décadas do século xx a actividade cultural en Lugo era moi intensa. Respecto a isto diremos que unha das actividades que tradicionalmente se mantiveron en Lugo ao longo do tempo foron os concertos de música clásica no Círculo das Artes. Fole era un apaixonado da música e lembra especialmente o coro dos cosacos de Kubán, 1924 .

Como Rafael Dieste, Fole vai estar vencellado ao xornalismo durante toda a súa vida. Poderíamos mencionar unha morea de participacións, mencionaremos tan só Ronsel e a revista Yunque que el mesmo creou no ano 1932. Será no 1928 cando publique o seu primeiro artigo en O Progreso de Lugo.

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



No 1936 estoura a guerra e Fole será dos que sufran o chamado «exilio interior ». Perde os seus traballos, os seus irmáns están a piques de ser fusilados...

No 1941, decepcionado e pobre, A. Fole marcha de Lugo para vivir en A Veiguiña (Quiroga) e no Incio, coa familia Quiroga, como instrutor do neno da casa: Vicente. É aquí onde se mergulla nos contos contados pola xente do lugar, coas peculiaridades lingüísticas propias da zona e que inspirarían máis tarde dous maravillosos libros de relatos : *Á lus do candil* e *Terra brava*.

6

No 1951 participa na fundación de Galaxia.

Despois dunha tempada na Terra Cha, no 1953 establécese definitivamente en Lugo onde se converterá en habitual dos faladoiros, asiduo aos cines e figura indispensable das rúas desta cidade.

Persoalmente subscribo as palabras de Benxamin Casal que dicía de Fole «(...) chegou a formar parte da nosa paisaxe urbana (aínda lembramos a satisfacción que nos producía o simple feito de velo pasar), e que non é posible entender Lugo sen a súa memoria histórica e os seus contos.»

Deixounos no ano 1986.



CURSO 2023-2024




Características da súa narrativa

Daremos aquí unhas pinceladas nada máis das características fundamentais da obra deste autor que nos sirvan para un primeiro achegamento aos seus relatos.

A estrutura.

Os seus primeiros libros están ambientados na montaña luguesa, en Quiroga e O Incio.



O fío argumental no que se apoia *Á lus do candil* é o seguinte: o administrador dos señores de Basilie relátanos como uns cazadores quedan illados por causa da neve na torre de Abrantes, aló nas terras do Caurel. Pola noite pasan o tempo ao pé do lume contando contos que o administrador vai recollendo nun caderno. (*O Decamerón. Os contos de Canterbury*).

En *Terra Brava* o plan do libro tamén é moi sinxelo: un mozo vai preparar oposicións cas do seu padriño e remexendo na biblioteca atopa un cartapacio que contén uns escritos polo tío. Estes relatos son os que configuran a obra. Polo que se refire ás características de cada conto en particular, Fole baséase na tradición oral galega. Esta influencia maniféstase na técnica do encaixe. Coma se fosen caixas chinesas, dun conto vai saíndo outro ; deste, outro, e así sucesivamente.





O narrador

Fole dicía: o conto é bo cando lido parece contado. Don Ánxel recupera a figura do contador de contos, concibe o conto para ser contado fronte ao conto lido ou literario. Domina coma ninguén unha serie de recursos empregados por este tipo de narrador oral: apelacións ao interlocutor; referencia a lugares concretos e personaxes coñecidos polos oíntes.

8

A temática

Como di Claudio Rodríguez Fer, é a Galicia material e inmaterial a que nos presenta Fole. Por unha banda: os costumes do pobo (tanto rural como vilego) ; os animais amados e temidos ; o mundo do traballo ; a gastronomía... por outra, o autor reflicte a vida espiritual do país : crenzas, supersticións, medos, vivencias paranormais etc.

A descrición

A descrición, sabiamente dosificada (queremos dicir que resulta oportuna e non se fai excesiva) adquire un importante protagonismo na obra de Fole, ben sexa para crear un ambiente, ben para caracterizar un personaxe ou ben cunha finalidade puramente informativa, que moitas das veces constitúe un verdadeiro traballo etnográfico.

A paisaxe

O sentimento da paisaxe é capital na súa obra. Non é nin moito menos un decorado, non é tampoco arquetípica. A paisaxe en Fole é algo vivo e o autor ten ademais un xeito moi especial de vivila, interiorizala, humanizala.

«Se a paisaxe galega non fose como é, a fala non sería asina. Tampouco o sería a música do noso pobo. A paisaxe é unha «efusión» que se mete na ialma, sin saber como nin por que. Cuase sempre menancónico. A contempación dun solpor non ten prezo. Sin iste sentimento da paisaxe nós non seríamos nós. »

A lingua

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



É posible que cando se lea a Fole sorprenda que a súa linguaxe non coincida coa que un está afeito a ler noutros libros. Hai, dende logo, moitas diferencias léxicas, morfolóxicas, ortográficas... Isto responde a unha concepción moi persoal que el tiña da lingua e que está vencellada á lingua oral. É ben coñecido o seu aforismo: «*A fala é o que se fala*». Para el, coñecer o galego falado é unha obriga de todos cantos escriben.

Esta preocupación pola lingua maniféstase no labor de recoller e conservar a riqueza do noso país, algo que considera fundamental antes da formación dunha lingua estándar.

Por iso non dubida en empregar variantes lingüísticas de zonas determinadas. Hai no noso autor unha clara vontade de estilo. Podémolo apreciar na importancia que lle concede á selección das palabras e á musicalidade da frase.

Non podería ser doutro xeito, tendo en conta a súa paixón por estilistas da lingua como foron Valle Inclán, Gabriel Miró etc. sumado ao seu gusto pola poesía e a música.



*Estatua de Ánxel Fole en Lugo. Obra do escultor galego
Ramón Conde*

E. Blanco Amor

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



Eduardo Blanco Amor coa súa nai Aurora Amor.

Nace en Ourense, na rúa da Paz, no mes de setembro pero non sabemos de certo de que ano. Os biógrafos din que no 1897, mais el sempre dixo que foi no 1900, non sabemos se porque quería ser un home do século XX ou por outras razóns. Nós deixamos aí a polémica e seguimos adiante.

A súa nai era florista e o seu pai abandonou o fogar sendo el aínda moi cativo.

Formouse culturalmente en Ourense, xunto a Florentino Cuevillas, Otero Pedrayo e Vicente Risco que foi o seu mestre. Xa de moi novo participa nun xornal que este grupo publicaba daquela, « La Centuria ». Sería o xornalismo a actividade que vai encher unha grande parte da súa vida.

Como moitos galegos, emigra ás Américas cando só tiña 19 anos (ou 22 dependendo da data de nacemento que tomemos como referencia).

Na Arxentina fai un pouco de todo pero encamiñase dende o principio cara ao xornalismo e á literatura.

Tamén dende que chega relaciónase cos demais emigrantes galegos, que se xuntaban a cotío e realizaban actividades culturais pensando en Galicia e sen perder o contacto coa xente que aquí estaba.

A actividade de Eduardo é enorme. Colabora en diferentes revistas e xornais. Sendo corresponsal de « La Nación » viaxa por diferentes países. Por este motivo vén a España en dúas ocasións, vai a Marrocos e tamén a varios países hispanoamericanos: Chile, Venezuela...

Tamén é profesor de Literatura e de Historia do teatro, imparte conferencias, escribe obras e potencia actividades culturais de todo tipo.

Despois da guerra civil española, pasa a formar parte do grupo de exiliados que conviven en Bos Aires e declara que el mesmo se considera tamén un exiliado.



En Bos Aires, Blanco Amor con Antón Alonso Ríos, deputado no exilio e membro do Consello de Galiza.

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



11

No ano 1963 fai unha viaxe a Galicia e a partir dela pensa na posibilidade de voltar definitivamente á terra, cousa que realizará no mes de xaneiro de 1965. Daquela xa ten os seus anos pero a súa actividade intelectual continúa. Escribe *Xente ao lonxe*, colabora con grupos de teatro independente, dá conferencias etc. Sen embargo non atopa a resposta que el agardaba. Este vezo noso de non valorar o propio!

Temos que ter moi presente que mentres en Galicia e en España en xeral se producía un silencio obrigado; unha inactividade cultural case total, un abondoso grupo de intelectuais en diferentes países emprendía proxectos de todo tipo dando pulo á nosa cultura dende lonxe e acadando un nivel difícil de superar. Moitos destes países, por certo, agradeceron en tempo a aportación cultural dos nosos intelectuais exiliados.

Cando esta xente decide volver á terra, a indiferencia e mesmo a falta de respaldo económico é a tónica xeralizada.

Blanco Amor, un dos grandes da nosa narrativa de todos os tempos, pasou dificultades económicas nos últimos anos e morreu en Vigo no ano 1979.



Díaz Pardo, Luis Seoane e Blanco Amor
conversando na praza María Pita-A Coruña.

Despois de reflexionar sobre a vida do noso autor, tiramos unhas certas conclusións sobre a súa personalidade e a súa andaina polo mundo.

En primeiro lugar, hai que salientar a importancia da súa nenez e mocidade na súa obra. As imaxes da infancia quedaranlle fixadas na retina, que actuará como se fose a primeira máquina fotográfica de seu (afección que tanto lle gustará sempre): os nenos, os xogos na rúa, a paisaxe, a catedral, os barrios, a cidade.

Por outra parte apreciamos de contado unha personalidade moi activa, emprendedora e entusiasta.

Tivo contacto con importantes representantes da cultura da súa época. Xa mencionamos ao grupo ourensán.

Na Arxentina formará parte dos exiliados que coincidirían tamén con Dieste : Castelao, Seoane, Díaz Pardo, Rafael Alberti, María Teresa León...

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



Blanco Amor tratou tamén a Sábato e Borges, entre outros, que influirían na formación dun dos mellores narradores da nosa literatura.

Foi escritor en castelán e galego, con diferentes estilos lingüísticos como xa mencionamos no caso de Dieste.

Importantísima é a súa vontade de escribir en galego a pesar de ser educado en castelán, vivir na Arxentina e dos consellos dos autores hispanoamericanos que non entendían esa decisión súa. Acadou unha lingua cuidada e de grande expresividade. Temos que ter moi presente que o primeiro libro en galego publicación no ano 1959. Os Biosbardos será no 1962. Xente ao lonxe no 1972. Calculamos a idade...

12

Non queremos deixar de mencionar aquí a paixón que tivo sempre polo teatro, que se manifesta no seu labor como autor teatral, potenciador, director e fundador de grupos teatrais. (Lembramos a Dieste).




Teatro Popular en Bos Aires xunto ao seu director Blanco Amor, no centro da foto

Características dos seus relatos

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



Centrámonos nos relatos recollidos no seu libro *Os biosbardos* posto que a el pertence o relato que limos deste autor.

Escritos como « contos para a xente », trátase dun conxunto de sete relatos breves que presentan como rasgos comúns: a narrativa en primeira persoa, o protagonista infantil ou adolescente, a ambientación urbana, ourensá, na que se desenvolven os acontecementos e o tempo histórico ao que se refiren (as dúas primeiras décadas do século xx).

Cada un destes relatos perfila experiencias diversas, intensas e dramáticas do mundo infantil, que o autor converte en literatura maxistralmente, rescatando para o soño instantes fuxidíos do pasado. O feito de que cada relato estea posto en boca dun narrador-neno distinto constitúe un acerto para mostrar de forma máis verosímil e universal diversas vivencias, que constitúen a esencia da infancia rescatada pola memoria: a autoafirmación, a incompreensión, a irrupción do marabillioso, a transgresión das normas dos adultos, a descuberta do sexo. Unha das grandes innovacións deste autor está na ambientación espacial. Blanco Amor sitúa as súas obras na zona urbana, non rural como era habitual. Será Ourense, as súas rúas, os seus barrios, as súas prazas onde se desenvolvan as narracións e novelas deste maxistral narrador galego.

13



Álvaro Cunqueiro

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



Naceu en Mondoñedo no ano 1911. Pasou os seus primeiros anos na vila natal, onde coñeceu unha variada gama de personaxes, de todas as profesións, asiduos á tertulia da botica do seu pai e que anos máis tarde servirían de base para moitos dos seus relatos. As súas primeiras lembranzas tamén aparecen ligadas á paisaxe mindoniense, coa súa riqueza de cores, sons e sensacións.

En 1923, trasládase a Lugo para estudar o bacharelato e coñece a Ánxel Fole. Anos despois comeza en Santiago a carreira de Historia, e nesa cidade comparte, con Fole, pousada e preocupacións estéticas e culturais, que o habían poñer en contacto coa xeración das Vangardas. Así participa no movemento editorial da poesía da época, fundando en Mondoñedo a revista *Papel de color* e comeza, ao mesmo tempo, a colaborar na prensa e nas revistas *Nós* e *Yunque*.

14

Cunqueiro é máis poeta que prosista antes da guerra.

Despois da contenda traballou no xornalismo: mitólogo, gastrónomo, poeta, narrador, dramaturgo, articulista e director durante anos de O Faro de Vigo.

É narrador en castelán e galego. A narrativa é o xénero que lle valeu o maior recoñecemento, tanto na literatura galega coma na castelá, deixando unha clara influencia nos narradores máis novos.

O home que quixo contribuír coa súa obra a que Galicia durara mil primaveras máis, deixounos en Vigo o 28 de febreiro de 1981.




Epitafio elixido por Álvaro Cunqueiro. Por suposto, en galego.

Características das súas narracións: *Merlín e familia*

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA

GRUPO A



Centrarémonos nesta obra por ser á que pertence o relato que limos na nosa escolma.

Publícase no 1955 é o primeiro libro narrativo de Cunqueiro. Trátase dunha sucesión de episodios engarzados arredor da figura de Merlín – personaxe da materia de Bretaña -, que retirado no seu pazo, en terras de Miranda soluciona os diversos problemas da xente que acode a visitalo, por medio da fantasía. A narración está posta en boca de Felipe de Amancia, que fora paxe de Merlín, e que, cando vai vello, refire de forma retrospectiva os diversos episodios. Estes seguen o mesmo esquema :

- Chegada dos visitantes ao pazo para expoñer o seu problema a Merlín.
- Relato do asunto para o que se precisa da axuda do mago.
- Resolución do caso por medio das artes máxicas do sabio.

As numerosas historias fantásticas do libro vencéllanse pola continuidade do narrador, do espazo e dos personaxes co ciclo bretón Merlín e a raíña Xenebra.

O mundo mítico de Cunqueiro

Dende o punto de vista temático, na narrativa de Cunqueiro conflúen a fantasía lúdica, a erudición, as lendas, o misterio, a maxia, o sonho, o protagonismo da paisaxe, a riqueza de anécdotas... e vertebrándoo todo, o tempo co seu fluír, que se revela nunha triple vivencia : a añoranza (Merlín), a decadencia (O Sinbad) e a morte (O Sochantre)

O escritor mindoniense establece unha constante ósmose entre realismo e fantasía, difumina os lindeiros entre a realidade e o sonho, permitindo a irrupción do extraordinario. Así, recrea dun xeito lúdico, pero con recursos narrativos de tipo realista, os vellos mitos orientais, clásicos e atlánticos.

Estilo literario

A nivel formal, en correspondencia coa riqueza temática, a prosa de Cunqueiro caracterízase polo seu preciosismo estético, inzado de sensacións sensoriais e imaxes.

Como Manuel Antonio, Cunqueiro avoga por unha autonomía absoluta da arte. A narrativa do noso autor desenvólvese nun puro xogo coas palabras, os temas e as

CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS MERA GRUPO A



técnicas, sen outras preocupacións que as estrictamente literarias. A fervenza imaxinativa e a afección polo fantástico, o ton lírico e o humor caracterizan a prosa do escritor mindoniense, que se resolve nunha sintaxe arcaizante, que dá ao seu estilo un toque inconfundible de aristocrática elegancia baixo aparencia de espontaneidade.

16



Escultura do escritor Álvaro Cunqueiro, nado en Mondoñedo en 1911, obra do artista Juan Puchades e inaugurada o 17 de maio de 1991 polo Día das Letras Galegas.



A escultura de Álvaro Cunqueiro mirando para a Praza da Catedral en Mondoñedo

Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” de Sta. Cruz
Centro Cultural “As Torres”
Rúa Emilia Pardo Bazán, 17
Sta. Cruz - 15179 Liáns (Oleiros)
Tlf. 981626338
Blog : bibliotecasoleiros.blogspot.com
E mail : biblioteca.santacruz@oleiros.org

CURSO 2023-2024